Regulamento dos traballos fin de grao (TFG) das titulacións de Grao en Bioloxía, Grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía e Grao en Química impartidas na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña

PREÁMBULO 1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais 2
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación 2
Artigo 2. Normativa aplicable 2
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG 2
Artigo 3. Matrícula do TFG 2
Artigo 4. Realización do TFG 3
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados 4
Artigo 5. Oferta e asignación do TFG 4
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos 5
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación 6
Artigo 7. Defensa do TFG 6
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG 8
CAPÍTULO V. Disposicións finais 10
Disposición derrogatoria. Derrogación normativa 10
Disposición final primeira. Habilitación 10
Disposición final segunda. Entrada en vigor 10

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de grao nas titulacións impartidas na Facultade de Ciencias.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 1 de un total de 10 página(s).

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFG nas titulacións de Grao impartidas na Facultade de Ciencias da UDC.

2. Será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia TFG das titulacións da Facultade de Ciencias reguladas por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.

Artigo 2. Normativa aplicable

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG

Artigo 3. Matrícula do TFG

1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.
2. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.
3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFG mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.
4. A matrícula dará dereito á defensa do TFG en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 2 de un total de 10 página(s).

5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 4. Realización do TFG

1. O TFG supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do profesorado propio do centro (un membro do PDI da UDC, pertencente a un dos departamentos con docencia no plan de estudos do título de grao correspondente) ou dalgunha das universidades participantes no caso de programas de mobilidade, que actuará como director/a do traballo. O TFG poderá contar, en todo caso, cun máximo de dous/dúas directores/as.
2. O TFG ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de grao. Os temas que se propoñan para a realización do TFG, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza.
3. O/A estudante poderá desenvolver parte do TFG ou a súa totalidade nunha empresa ou noutro organismo distinto á UDC, no marco dun convenio de prácticas. O órgano competente na xestión de todo o proceso relativo aos TFG da Facultade de Ciencias velará porque o desenvolvemento do traballo realizado no marco do convenio de prácticas non sexa coincidente, nin amose duplicidade, coas prácticas externas, aínda que poida desenvolverse na mesma empresa ou institución.
4. É función das/dos directoras/es:
   a) Indicar ao estudantado as características do traballo e orientalo no seu desenvolvemento.
   b) Realizar un seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
   c) Avaliar o traballo seguindo as rúbricas da materia.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 3 de un total de 10 página(s).

d) Responsabilizarse de avaliar a memoria depositada en SIGMA no apartado Documentación final entregada.

5. Ademais das linguas oficiais da UDC, poderase empregar o inglés na redacción da memoria escrita e na defensa do traballo.

CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados

Artigo 5. Oferta e asignación do TFG

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFG, determinado pola xunta de centro, é a Comisión Académica da Facultade de Ciencias. Esta será competente na xestión de todo o proceso relativo aos TFG asegurando a aplicación do regulamento e da normativa xeral da UDC vixente.

2. A oferta e asignación do TFG realizaranse exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

a) A oferta de temas e directores/as farase a través da aplicación SIGMA nas datas publicadas no calendario de TFG aprobado en Xunta de Facultade.

b) A comisión solicitará aos departamentos con docencia no plano de estudos dos títulos de Grao correspondentes a oferta de traballos, co gallo de elaborar unha relación de propostas para cubrir, cando menos, o 120% do estudantado matriculado nos Graos (tomando como referencia a última matricula). Na medida do posible, a oferta distribuirase de xeito equitativo entre as áreas con docencia nos Graos da Facultade de Ciencias.

c) No prazo de oferta, todos/as os/as estudantes poderán facer as súas propias propostas. Neste prazo poderán contactar có profesorado dos Departamentos que impartan docencia no Grao correspondente ou con persoal alleo á UDC de entidades colaboradoras.

d) Os temas ofertados para o Grao en Química ou o Grao en Bioloxía deberán selo tamén para estudantes do Programa de Simultaneidade. Os ofertados exclusivamente para o Programa de Simultaneidade, e que non poderán ser elixidos por estudantes dos graos en Química ou Bioloxía, teñen que ser exclusivamente coordinados.

e) Non serán admitidas propostas de temas despois do prazo establecido, agás nos casos excepcionais.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 4 de un total de 10 página(s).

f) As propostas de TFG serán aprobadas pola Comisión Académica da Facultade de Ciencias.

g) A selección levarase a cabo a través da aplicación SIGMA nos prazos acordados en Xunta de Facultade. Con anterioridade á data de selección publicarase a listaxe de prelación.

h) A adxudicación da oferta libre realizarase única e exclusivamente pola media do expediente académico e, no caso de empate, polo número de créditos superados. Posteriormente farase pública a listaxe de adxudicación e o período de reclamacións.

i) Os traballos non defendidos do curso anterior poderán renovarse previo consenso entre directores/as e estudantado. Unha vez consensuada a renovación, o director ou directora copiará a oferta do curso anterior e asociará esta copia á convocatoria do curso vixente no circuíto de TFG do grao correspondente nas datas que se indiquen no calendario correspondente

j) En todos os casos, o estudantado asinará e depositará en SIGMA, o documento de Conformidade e Compromiso aloxado na páxina web da Facultade de Ciencias.

3. O centro garantirá que todo o alumnado matriculado poida realizar o TFG no período que lle corresponde segundo a súa matrícula, e que o procedemento de asignación se fará coa antelación suficiente para permitir a realización e defensa do traballo, asegurando en todo caso a igualdade de oportunidades entre o alumnado e o profesorado.

Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.

2. No caso de que o traballo se desenvolva en colaboración con empresas, corporacións, organismos públicos ou privados, centros tecnolóxicos, institutos ou grupos de investigación ou outras institucións (en diante, entidades colaboradoras), e o/a estudante poda acceder ou xerar información de carácter confidencial, suxeita a segredo profesional ou susceptible de protección por dereitos de propiedade industrial ou intelectual, deberase aplicar o procedemento de confidencialidade vixente na UDC.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 5 de un total de 10 página(s).

3. O/A estudante deberá respectar as normas de seguridade e prevención de riscos, facer un uso responsable dos recursos, e seguir os protocolos específicos do centro ou da entidade colaboradora de acollida.

CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

Artigo 7. Defensa do TFG

1. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes aos propios do TFG.

No caso dos programas de mobilidade ou dos programas de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico estarase ao previsto regulamentariamente. O Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía e o Grao en Química recolle na súa normativa específica as condicións de defensa dos TFG.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFG non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.

3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFG realizarase exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

a) O/A estudante deberá acceder ao espazo TFE en SIGMA para seleccionar a inscrición nun período de defensa do TFG dentro dos dispoñibles (segundo o calendario de TFG da Facultade de Ciencias).
b) Unha vez solicitada a defensa, o/a estudante deberá depositar a memoria definitiva en SIGMA, no apartado correspondente e nos prazos dispostos no calendario de TFG da Facultade de Ciencias.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 6 de un total de 10 página(s).

c) É responsabilidade do estudante subir a SIGMA no apartado Documentación final entregada a derradeira versión da memoria do TFG.

4. Para a defensa e avaliación do TFG, o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.

5. As convocatorias de defensa do TFG realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente.

Haberá cinco oportunidades no curso: decembro, febreiro, xuño, xullo e setembro. As datas de defensa en cada oportunidade, así como os prazos de entrega das memorias e calquera outra documentación requirida serán aprobadas na Xunta de Facultade de Ciencias e publicadas no calendario xeral de TFG na web da facultade, en todo caso garantirase que o estudantado que remate os seus estudos no mes de xuño poida acceder ao prazo ordinario de preinscrición no mestrados da UDC. A hora e lugar de realización de defensa dos TFG establecerase pola secretaría do centro de acordo coa dispoñibilidade das infraestruturas do centro.

6. A defensa do TFG realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento.

O estudantado defenderá o TFG presencialmente. O/A estudante poderá solicitar, de forma motivada e debidamente acreditada, a defensa do TFG a distancia, facendo uso das oportunas ferramentas tecnolóxicas. Dita solicitude realizarase ante o/a decano/a, cun mínimo de 15 días naturais antes da data de defensa. A resolución será emitida pola Comisión Académica da Facultade de Ciencias, baseándose nos seguintes criterios:

a) Estudantes que acrediten que a súa cidade de residencia está a máis de 100 km da cidade de A Coruña.
b) Estudantes que acrediten un contrato de traballo a tempo completo.
c) Estudantes que acrediten unha enfermidade ou lesión que incapacite o seu desprazamento.
d) Calquera outra casuística que, a criterio da Comisión Académica, poida ser considerada.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 7 de un total de 10 página(s).

7. A defensa dos TFG terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico.

O acto de defensa realizarase mediante comunicación oral en calquera dos idiomas oficias e, de ser o caso, en inglés.

8. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFG, de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFG.

Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG

1. Os TFG serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin.

Será función da Comisión Académica da Facultade de Ciencias a aprobación da configuración e composición dos tribunais de avaliación. Constituiranse tantos tribunais como sexa necesario dependendo do número de estudantes matriculados, que serán distribuídos de maneira equitativa. Velarase por unha axeitada rotación na composición dos tribunais.
A presentación e defensa do traballo diante do tribunal terá un peso comprendido entre o 50 e o 70 % da cualificación final, mentres que a memoria escrita do traballo, valorado por a/s persoa/s director/as, terá un peso comprendido entre o 30 e o 50 % da cualificación final.

2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes. O/a director/a do TFG non poderá formar parte do tribunal.

Poderán formar parte dos tribunais avaliadores calquera PDI doutor dos departamentos que teñan encargo docente no grao correspondente. As persoas designadas como suplentes actuarán en caso de forza maior ou causa sobrevida. No caso de ter coñecemento previo de ausencia na data de defensa, as suplencias corresponderán aos/ás profesores/as que cubran a docencia durante a mesma, o cal deberá ser comunicado tanto ao/á profesor/a que cubre dita suplencia, como ao/á Secretario/a da Facultade en canto reciba a autorización de permiso.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 8 de un total de 10 página(s).

3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as funcións de secretaría. O resto dos membros terán a consideración de vogais.

O nomeamento de presidente, vogal e secretario/a realizarase por maior categoría e antigüidade. No caso de actuación dalgún/unha suplente, non será preciso actualizar as figuras do tribunal de acordo cos criterios previos.

4. Será función do tribunal avaliar a memoria escrita e a defensa do/a estudante, seguindo as rúbricas publicadas na páxina web do centro.

No caso de que se obteña a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe con recomendacións para mellora do traballo. Enviaráselle copia deste informe aos/ás directores/as.
No caso de haber algunha incidencia durante o acto de defensa, será tamén función do tribunal resolvela. O/A secretario/a publicará no Campus Virtual da materia a cualificación, e será o/a encargado/a de pechar e custodiar as actas correspondentes, unha vez finalizado o período de revisión e reclamacións das cualificacións.

5. Para a exposición do TFG, cada estudante disporá dun tempo máximo de 15 minutos. Os membros do tribunal realizarán as observacións e preguntas que consideren acaídas nun tempo de 20 minutos no conxunto das intervencións. A non resposta a ningunha das preguntas dos membros do tribunal será motivo suficiente para non acadar a cualificación final de aprobado.

6. Só os TFG revisados coa ferramenta Turnitin ou outra similar ou que conten coa declaración de orixinalidade asinada pola/s persoa/s directora/s poderán ser subidos ao Repositorio Institucional da Universidade da Coruña (RUC). O estudantado fará a solicitude expresa a través do xestor SIGMA. O/A director/a deberá autorizala, se así o considera, co mesmo xestor. É responsabilidade do/a estudante asegurarse de que a memoria presentada non incorra en plaxio.
A memoria definitiva, xunto có documento de *Autorización de depósito no RUC* debidamente cumprimentado e asinado, deberán ser enviados á Administración do Centro, con copia ao Servizo de Biblioteca da Facultade de Ciencias por parte do/da estudante.

O tribunal, se así o considera necesario, poderá vetar a publicación do traballo no repositorio enviando á Administración do Centro, con copia ao Servizo de Biblioteca

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 9 de un total de 10 página(s).

da Facultade de Ciencias o documento de *Solicitude de non depósito no RUC (tribunal)*.

CAPÍTULO V. Disposicións finais

Disposición derrogatoria. Derrogación normativa

Quedan derrogados os seguintes regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento:
Regulamento polo que se rexerán os Traballos de Fin de Grao (TFG) nos títulos de Grao da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña (UDC) (Aprobado pola Xunta de Facultade de Ciencias o 10 de febreiro de 2020; modificado o 3 de xuño de 2022; modificado o 19 de xuño de 2025).

Disposición final primeira. Habilitación

Facúltase á persoa decana da Facultade, asistida pola Comisión Académica da Facultade de Ciencias para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e será de aplicación a partir do curso 2026/2027

O decano da Facultade de Ciencias

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LG38D6OF5BB57ATDV2D9KJ1D
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 13:53:33 Página 10 de un total de 10 página(s).